

ANEXO B
**INFORME DE RESULTADOS DAS ACCIÓNS DE TRANSFERENCIA PARA O APOIO ÁS
ACTIVIDADES DE DEMOSTRACIÓN E INFORMACIÓN AO AGRO GALEGO 2020**

Nº DE PROTOCOLO: 2020/090

1.- TIPO DE ACTIVIDADE: Xornada Técnica

2.- TÍTULO DA ACTIVIDADE: A FERTILIZACIÓN NOS CULTIVOS FORRAXEIROS ECOLÓXICOS

3.- UNIDADE ADMINISTRATIVA DA CONSELLERÍA ORGANIZADORA:

Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo

4.- LOCALIZACIÓN DA ACTIVIDADE:

Enderezo: Estrada Betanzos-Mesón do Vento, km 8

Concello: Abegondo

Provincia: A Coruña

5.- COORDINADOR/A RESPONSABLE: M^a Isabel García Pomar

Tfno.:881 881 850

6.- INTRODUCCIÓN:

O sector ecolóxico en Galicia experimentou un incremento progresivo dende 1997 ata 2013, e a partir deste ano este incremento se acelerou pasando de 523 a 745 produtores en 2017, e de 15670 ha a 31916 ha en 2017. O sector ecolóxico de vacún de leite e de carne estase a incrementar en Galicia nos últimos anos, o valor de negocio do leite e derivados incrementouse de (2013-2017) de 8.493.001,37 € a 18.536.218,26 € e o de carne e derivados de 3.597.103,66 € a 8.653.548,58 €. Estes dous sectores son os que máis aportan en Galicia ao total do sector ecolóxico, cun 46% do valor de negocio total (CRAEGA, 2018)

A alimentación destas ganderías basease no consumo de herba e de millo forraxeiro. Un dos aportes de fertilizantes ás pradeiras son as propias dexeccións do gando durante o pastoreo e a aplicación dos xurros recollidos nas horas que o gando está no establo. Aparte existen outros produtos orgánicos no mercado como son a gallinácea ecolóxica, compost ecolóxico,... Outras fontes de nutrientes son:

- Para o nitróxeno o uso das leguminosas como fixadoras do N atmosférico.
- Para o fósforo: as rocas fosfóricas.

No CIAM estase a traballar dende hai anos coa xestión eficiente dos xurros e co uso de leguminosas en pradeiras e no uso de leguminosas, leguminosas/gramíneas como cultivo forraxeiro invernal en alternancia co millo forraxeiro, e tense datos sobre os aportes nitroxenados que subministran ao solo e ao resto de cultivos da parcela (García et al., 2012; Báez et al., 2013; Báez et al., 2014; Báez et al., 2017)

Por outra banda no CIAM lévase un campo de ensaio con roca fosfórica en pradeiras dende principios do ano 2019, e tense xa uns resultados preliminares que poden ser de utilidade para o sector.



7.- MATERIAL E MÉTODOS:

Para transferir estes coñecementos sobre fertilización en ecolóxico organizouse esta Xornada Técnica.

Fíxose unha convocatoria da actividade xunto cun díptico e un modelo de solicitude que se publicitou na páxina web do Servizo de Transferencia Tecnolóxica, Estudos e Publicacións. A xornada publicitouse tamén nos paneis do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, na súa páxina web www.ciam.gal e facebook, nas revistas dixitais de Campo Galego e Vaca Pinta e no Colexio de Enxeñeiros Agrónomos de Galicia, entre outros.

Recibéronse 17 solicitudes, 9 para asistencia presencial e 8 para asistencia telepresencial:
6 persoas en idade laboral e con expectativas de incorporarse ao sector primario ou industria transformadora

3 persoas de empresas de servizos agrarios

2 gandeiros

5 técnicos

1 xornalista agrario

A xornada técnica desenvolveuse o día 19 de novembro de 2020 segundo o seguinte programa:

10:00-10:15 horas. Presentación da Xornada.

10:15-11:15 horas. Utilización de fertilizantes nos cultivos forraxeiros ecolóxicos. Joan Alibés Biosca. Técnico de Beealia Asesoramento e Xestión de Ganderías.

11:15-11:45 horas. Xestión dos xurros en ecolóxico. Utilización de ferramentas de apoio á decisión. M^a Isabel García Pomar e Dolores Báez Bernal. Investigadoras CIAM-AGACAL.

11:45-12:00 horas. Descanso

12:00-12:30 horas. As leguminosas como fonte de nitróxeno natural nos cultivos forraxeiros. Dolores Báez Bernal e M^a Isabel García Pomar. Investigadoras CIAM-AGACAL.

12:30-12:45 horas: Resultados do campo de ensaio sobre o uso da roca fosfórica como fertilizante ecolóxico nunha pradeira. M^a Isabel García Pomar. Investigadoras CIAM-AGACAL.

12:45-14:30 horas: Visita na finca do CIAM ao ensaio de aplicación de roca fosfórica en pradeira. M^a Isabel García Pomar, Dolores Báez Bernal e Joan Alibés Biosca.

8.- ANÁLISE DE RESULTADOS:

Os relatorios do programa, pretenderon por unha banda transferir o coñecemento sobre fertilización ecolóxica dunha empresa de asesoramento que leva moitos anos traballando no sector (Bealia Asesoramento e Xestión de Ganderías), e por outra banda transferir os resultados acadados nos últimos anos nos proxectos de investigación e nas accións de transferencia do CIAM-Agacal.

Deste xeito, os obxectivos destes relatorios foron:

- Mellorar a fertilidade dos solos en ecolóxico.
- Dar a coñecer os fertilizantes/técnicas/manexos que poden utilizarse en ecolóxico para subministrar os nutrientes que necesitan os cultivos forraxeiros.
- Facer unha boa xestión e almacenamento do xurro, o que é vital en gandería ecolóxica, pois é o xeito de manter a fertilidade dos solos en P, K e micronutrientes.
- Destacar as leguminosas como cultivo que aumenta a fertilidade en nitróxeno do solo, do que poden aproveitarse as pradeiras e nas rotacións os cultivos moi esixentes.
- Resaltar o papel das pradeiras gramínea/trevo por ser a forza impulsora cara unha alta produtividade na gandería ecolóxica, pois con niveis razoables de fertilidade do solo, o subministro de nitróxeno á planta é a clave para niveis sostibles de crecemento da herba.
- Coñecer o uso das rocas fosfóricas como xeito de incrementar os niveis de fósforo nos solos nos cultivos ecolóxicos. Este obxectivo veuse reforzado coa presentación dos resultados acadados no ensaio de roca fosfórica en pradeiras (PTT2020- Nº de protocolo 2020/112- Campo de ensaio- O uso da roca fosfórica como aporte de fósforo en pradeiras ecolóxicas de Galicia) e a súa visita no predio do CIAM.

Agárdase que despois da realización desta xornada técnica tanto os técnicos como os gandeiros participantes melloren os seus coñecementos e aplicabilidade das prácticas de fertilización en ecolóxico e deste xeito consigan mellorar a produtividade dos cultivos forraxeiros e incrementar a rendibilidade e a competitividade da produción de carne e de leite de vacún en ecolóxico.



9.- RESUMO E CONCLUSIÓNS:

A Xornada Técnica sobre "A fertilización nos cultivos forraxeiros ecolóxicos" acadou os obxectivos de transferir o coñecemento sobre fertilización ecolóxica dunha empresa de asesoramento que leva moitos anos traballando no sector (Beealia Asesoramento e Xestión de Ganderías), e por outra banda transferir os resultados acadados nos últimos anos nos proxectos de investigación e nas accións de transferencia desenvolvidas polo CIAM-Agacal: a xestión/utilización e dosificación do xurro en ecolóxico, a utilización das leguminosas como fonte de nitróxeno natural nos cultivos forraxeiros e o uso da roca fosfórica como xeito de incrementar os niveis de fósforo nos solos das pradeiras ecolóxicas.

Os técnicos e os gandeiros participantes adquiriron coñecementos que lles permitirán mellorar e aplicar prácticas de fertilización en ecolóxico e deste xeito mellorar a produtividade dos cultivos forraxeiros e incrementar a rendibilidade e a competitividade da produción de carne e de leite de vacún en ecolóxico.

10.- DATA E SINATURA DO/A COORDINADOR/A:

Asdo.: M^a Isabel García Pomar

O/A supervisor/a científico/a

(Só no caso dos campos de ensaio)

Asdo.: